

**COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA
DO DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2017**

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 7 de setembro de 2017.
2. A listaxe do profesorado que no curso académico 2017-2018 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización pola Prof.^a Dr.^a D.^a Ángela Coello Pulido e polo profesor D. José Abundancia Domínguez, previa solicitude expresa dos interesados.
3. A designación dos membros do tribunal do Premio extraordinario de Grao (Prof.^a Dr.^a Susana Álvarez González, Prof.^a Dr.^a Marta Fernández Prieto e Prof.^a Dr.^a Francisca Fernández Prol).
4. Respecto á designación dos titores académicos da materia “Prácticas externas”:
 - a) A designación do seguinte profesorado para a titorización da materia “Prácticas externas” no curso académico 2017-2018:
 - Prof.^a Dr.^a Susana Álvarez González
 - Prof.^a Dr.^a Marta Fernández Prieto
 - Prof.^a Dr.^a Francisca Fernández Prol
 - Prof. Dr. Miguel Ángel Michinel Álvarez
 - b) A delegación na coordinadora da materia “Prácticas externas” da asignación de titores tendo en conta a afinidade da área de coñecemento á que pertence o profesorado académico e a ensinanza á que se vincula a práctica.
5. Respecto ás solicitudes de actividades extraacadémicas e de difusión cultural:
 - a) Incluír dentro da programación de extensión universitaria do centro a seguinte actividade: “Orienta Iuris.Segunda Feira de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal”, que se celebrará entre os días 25 de setembro e 27 de outubro.
 - b) Incluír no orzamento destinado ás actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Facultade a cantidade de 1.000€ para a devandita actividade.
6. Os Informes de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía.
7. Os Informes correspondentes ao Plan de Acción Titorial do curso 2016-2017 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en Avogacía.

Ourense, 3 de outubro de 2017



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 3 de outubro de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 4 de outubro de 2017.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.